



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA RELATIVA AO PROXECTO DE AO PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DUN SERVIZO DE INTERESE MUNICIPAL NO CONCELLO DE ARTEIXO DENTRO DO MARCO DO CONVENIO DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE A CORUÑA

1. Antecedentes

O Convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Arteixo iníciase coa proposta exposta polo Concello de Arteixo á Xunta de Galicia na reunión do

2. Obxecto do contrato-programa

O presente convenio será formalizado entre a Xunta de Galicia e o Concello de Arteixo e ten como finalidade a ampliación da implantación dun servizo de interese municipal (SIMU) dentro do Concello de Arteixo e será financiado integramente polo Concello de Arteixo de acordo coas condicións de déficit que figuran nos seus anexos. En paralelo a esta tramitación tamén se tramita un contrato-programa coa empresa Arriva Galicia SLU, concesionaria do servizo. A formalización do presente convenio implica a novación do anterior, xa que este é englobado no actual, cun contido máis amplo.

3. Finalidade e xustificación

O convenio ten por obxecto atender con maior eficacia o tránsito de viaxeiros dentro do Concello de Arteixo por transporte regular en autobús, logo da proposta realizada neste sentido polo Concello de Arteixo.

4. Aspectos económicos do Contrato-programa

A Xunta de Galicia non asumirá ningún custo económico derivado da aplicación deste convenio. Débese ter en conta que o Concello de Arteixo asumirá os custos derivados co contratista afectado nos termos establecidos no Contrato-programa. A Xunta de Galicia recibirá un ingreso anual do Concello de Arteixo, no presente ano ao finalizar o primeiro trimestre e, no caso de prórroga, no primeiro mes de cada ano e posteriormente realizarase a liquidación correspondente para o operador nos meses de xuño e decembro, exercendo





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE
Dirección Xeral de Mobilidade

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781. SANTIAGO DE COMPOSTELA



transporte público
de Galicia

galicia

pois a Xunta de Galicia, para efectos económicos, unha función mediadora dos fluxos derivados. Esta operativa é similar ás liñas SIMU xa existentes nos Concellos de Cambre, Culleredo, Oleiros, Teo.

O xefe do Servizo de Coordinación dos Plans de Transporte
Xesús do Río da Torre

O subdirector xeral de Ordenación do Transporte
Antón García Río

O director xeral de Mobilidade
Ignacio Maestro Saavedra (*documento asinado dixitalmente*)

